

A poesía de Xavier R. Baixeras mirada dende *Eclipse*

Luciano Rodríguez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RODRÍGUEZ, LUCIANO (2011 [2004]). “A poesía de Xavier R. Baixeras mirada dende *Eclipse*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2002, 251-263. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1219>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RODRÍGUEZ, LUCIANO (2004). “A poesía de Xavier R. Baixeras mirada dende *Eclipse*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2002, 251-263.

* Edición dispoñíbel desde o 6 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A poesía de Xavier R. Baixeras mirada desde *Eclipse*

Luciano Rodríguez

Neste artigo tentamos establecer a evolución e os fíos condutores dun discurso poético que se foi abrindo e manifestando plural na individualidade de cada poemario. É por iso que optamos por establecer o punto de partida da obra de Xavier R. Baixeras, as constantes temáticas que marcan o seu mundo poético, a singularidade do seu discurso nas poéticas dos 80, para ver como desemboca todo no poemario-esteiro Eclipse.

In this article, we set out to establish the evolution and thread of a poetic discourse which gradually opened up and expounded itself as plural in the individuality of each collection of poems. For this reason, we have chosen to define the starting point of the work by Xavier R. Baixeras, the thematic constants marking his poetic world, the uniqueness of his discourse in the poetics of the '80's, to see how all this leads to the collection of poems-estuary Eclipse.

Cando Xavier R. Baixeras (Tarragona, 1945) chega á poesía galega, alá polo ano de 1981, data do poemario *Fentos no mar*, el xa iniciara outra travesía, a da poesía en castelán, que abandona nos seus prometedores comezos por falta de sintonía coa poética dominante dos “novísimos”. Viña —dicía— Xavier R. Baixeras da poesía castelá, idioma no que publicara *La ciudad sumergida* (Colección Álamo, Salamanca, 1971), libro que respira atmosferas do primeiro Claudio Rodríguez (*Don de la ebriedad*) e Rainer María Rilke, poetas da súa devoción neses anos de experiencia e xeografía castelás.

A falta de conexión coa estética novísima leva ao poeta (e este será o caso doutros poetas da súa quinta, poño por caso, Javier Salvago, Francisco Bejarano ou Fernando Ortiz) a un distanciamento e silencio creativo que no caso de Xavier R. Baixeras se ía prolongar durante dous lustros.

Mais agora situémonos a comezos da década do 80, cando o autor reaparece na escena poética, agora facéndoo en galego, a súa lingua literaria até hoxe.

Hai nestes momentos na poesía galega un plantel de autores, daquela novos, que están a transitar novas vías poéticas e facer aportacións persoais que, co tempo xa transcrito, vemos que se converteron en obras que a crítica debería comezar a valorar e situar no lugar que lles corresponda. Pero non nos desviemos do camiño e volvamos atrás. Ante o momento que se estaba a dar na poesía galega dos oitenta Baixeras comparte principios e experiencias, e, por sintonía, decide sumarse a unha certa euforia creativa que se estaba a vivir no espazo literario galego. Así é como sen ruídos, mais tendo ben claro cales eran os camiños que quería seguir, fai a súa estrea

poética en galego, tendo sempre moi presente o que había que coidar e potenciar. E no seu caso será o rigor na forma, a riqueza léxica e o diálogo cultural. Nisto el estaba a seguir —librando, iso si, todas as distancias— a proposta que moito antes fixera Aquilino Iglesia Alvariño e o poeta catalán Josep Carner.

1

O lector que se aproxime aos territorios poéticos de Xavier R. Baixeras debe saber que vai viaxar por uns espazos de non sempre doado acceso, reiterados e perfectamente definidos polo seu autor desde a súa primeira publicación. Quero dicir que a obra de Baixeras se vai definindo, abranguendo os lugares da memoria, os ámbitos familiares, a vivencia compartida e a xeografía persoal-sentimental que enche toda a súa creación poética.

Efectivamente, desde *La ciudad sumergida* (1971), *Fentos no mar* (1981), *Lembranzas do areal* (1985), *Anos de viaxe, 1981-1987* (1987) —libro que recolle as súas dúas primeiras publicacións en galego e inclúe *Os celestes faiados* e *A gándara da noite*—, pasando por *Visitantes* (1991), *Sonetos do irmán* (1991), *Nadador* (1995), *Beira Norte* (1997), *Eclipse* (2001) e *Francesca* (2003), a obra de Xavier R. Baixeras é un exemplo de coherencia expresiva e continuidade temática. Non queremos dicir que sexa unha produción reiterativa, senón que o que se nos enuncia nos seus primeiros libros vaise ver agrandado e arriquecido no transcurso das seguintes entregas. O autor sabe, e xa nolo di en *La ciudad sumergida*, a través dunha cita de Francisco de Quevedo —“Recuerdos y no alcázares fabricas”—, que o espazo da memoria é o seu ámbito e que a palabra só lle serve para facer que o que foi vida e vivencia plena non entre totalmente no territorio da cinza e a sombra. A palabra será luz, todo o pálida que queiramos, pero luz, ao cabo, que fai que o esquecemento non caia inmisericorde sobre os escenarios da melancolía.

No prólogo que escribe Manuel Forcadela (1987: 15) —“Pois todo o que regresa de vós brota”— para *Anos de viaxe* define xustamente a súa como “unha poesía baseada na indagación da memoria”. E Xosé María Álvarez Cáccamo (1999: XXI) no prólogo-estudo, que co título “La poesía de Baixeras: el viaje a la casa del norte”, co que presenta a escolma bilingüe que Ediciones Trea de Xixón preparou da poesía do noso autor, baixo o título de *Las aguas abandonadas* (1999), dános esta sintética e axustadísima interpretación do mundo poético baixeriano:

El universo de sus significados, en constante movimiento de nuevas órbitas, renovado en cada libro con diferentes propuestas temáticas y diversas formalizaciones expresivas, gira sobre dos ejes arquetípicos, dos símbolos de esencial necesidad: CASA y VIAJE. Son las dos columnas nucleares de la experiencia vital y poética de Baixeras e interactúan a lo largo de toda su obra en viva dialéctica de antitética complementariedad.

La CASA, reducto de la memoria, espacio para la estabilidad, espejo del yo como cuerpo, conciencia individual, representa para Baixeras, además del reducto decisivo de su experiencia infantil, uno de los extremos de la tensión emocional provocada por el impulso de huida frente al deseo de quietud, movimientos contradictorios que dirigen una importante parte de su escritura poética. Este arquetipo simbólico, motor de muchos de los poemas que integran los libros primeros del poeta, desarrolla su máxima capacidad expresiva en *Os celestes faiados*, *Visitantes* y *Beira Norte*, donde se erige en auténtico protagonista textual. El VIAJE, que, como

la CASA, es para Baixeras significado de clara referencia biográfica (el frecuente traslado de residencia por la obligada movilidad laboral del padre, el cíclico regreso al origen catalán, sus diversos destinos como profesor), representa el anhelo de búsqueda y autoconocimiento, la aventura que persigue una metamorfosis enriquecedora, pero también la evasión de los ritos cotidianos. Si la CASA es matriz, cuerpo de madre en el que el hijo sueña habitar eternamente, el VIAJE significa el doloroso e inevitable progreso hacia la madurez y la soledad.

A cita é extensa pero vale a pena, xa que creo que nas palabras do amigo e grandísimo poeta Xosé María Álvarez Cáccamo están resumidos os núcleos e os movementos da andadura poética de Xavier R. Baixeras: entre o refuxio sedentario da casa e as múltiples viaxes da viaxe, para rematar reencarnándose na palabra que funda.

2

A obra en galego de Xavier R. Baixeras iníciase cun libro, *Fentos no mar* (1981), que desde a súa aparición foi saudado como peza clave no proceso de renovación que a poesía galega estaba a vivir nesas alturas (Forcadela 1987: 8). A través do simbolismo da casa tece toda unha evocación nostálxica do tempo perdido para sempre, creando unha tonalidade elixíaca e unhas rigorosas arquitecturas verbais nas que cimenta un grande edificio poético. Algo que podemos comprobar coa simple lectura dun dos poemas finais do poemario:

ESTA É A CASA

(diante dunha pintura de Xusto Moreda)

*Esta é a casa perdida que un día
nun anco ou na distancia perdín,
aquela que un outono despedín,
que cada tarde viña e se esvaía.*

*Mais agora parece non ter fin.
Un ceo sen asas faina máis esguía,
un ceo de infancia, un mar que se esvacía
no desamparo, en ondas sobre min.*

*Casa que abandonou un labrador
e foi taberna, casa de costura,
a do correo vello ao pé da estrada.*

*E mesmo pode ser outra en maior
desagarimo: aquela que aínda dura
preto do faro, a ventos condenada.*

Aquí está unha das columnas centrais da poética de Baixeras: á procura da imposible recuperación dos espazos, vivencias e lugares que foron substanciais na súa formación vital e persoal. Ademais unha ben precisa escolla léxica e a exquisitez nas formas son marcas que singularizan a súa produción poética.

No seguinte poemario, *Lembranza do areal* (1985), volve o autor á forma do soneto, e segue a facer “unha poesía baseada na indagación da memoria”. Novamente nos atopamos cunha tonalidade de corte elexíaco e ambientes e atmosferas de derrota e impotencia perante as sombras do tempo. Enmarcados os poemas nunha estrutura circular —“Veño dun Mar de Estío” (lemos ao comezo) e “Vou para un Mar de Estío” (dinos ao remate)— que envolve as múltiples viaxes pola xeografía da memoria do protagonista poemático quen remata por achar refuxio na casa, na das palabras tamén:

*Vou para un Mar de Estío,
para a casa que sempre sobrevive
en pardiñeiro, rota no declive
das lamas; para un río*

*que percorreu a canle até ser pozo;
para a mesma estación: a primavera
serodia e o carozo
pendurando nas árbores de mera.*

*Vou para un muro de carriza,
onde cuspiñan serpes nos buracos,
e ten cambadas laxes.*

*Avanzo e penso que agoniza
o tempo dividido, e que os anacos
son un, e que non lembro máis imaxes.*

Escrito polas mesmas datas de *Lembranza do areal*, 1985, *Os celestes faiados*, supón unha novidade formal no discorrer poético de Xavier R. Baixeras; ao lado de poemas que desenvolve en rotundos sonetos aparecen outros escritos en versos longos e de tonalidade discursiva que preludian as formas do poemario *A gándara da noite*, que xunto cos tres libros anteriores recolle o noso autor en *Anos de viaxe (Poesía 1981-1987)*. Cambio na forma, mais continuidade na mirada poética que segue a viaxar polos escenarios da memoria, por espazos xa familiares para o lector da poesía de Xavier R. Baixeras.

A gándara da noite representa un cambio na produción poética de Baixeras, que xa é ben perceptible nos poemas finais d’*Os celestes faiados* (léase senón o poema “O regreso das sombras”). Na versión bilingüe galego-castelán (*Libertarias/Prodhufo*, Madrid, 1991) vai acompañada desta “Nota del autor” que nos refire con detalle claves interpretativas e intencionais do poemario:

Este libro es el viaje en tren desde una ciudad real del sur de Galicia, de donde el viajero ha sido expulsado, a otra del norte. Dicho viaje se desenvuelve a través de las siguientes etapas o cantos:

1. Partida. Hora crepuscular. Traseras de las casas. La ría. Una isleta mítica.
2. Primera parada. Sube el bisabuelo, que muestra una foto al viajero.
3. Fin del día. Fin de la ría saqueada. La isleta mítica convertida en terror fascista.
4. Otra parada. Noche en una ciudad. El viajero inicia su viaje interior. La ciudad festiva del pasado, víctima del mismo terror.

5. El viajero evoca una mudanza dentro de la ciudad de partida.
6. El viejero vuelve su mirada hacia sus compañeros de viaje. Sus tristes oficios, su ceguera. Las luces de una ciudad a lo lejos.
7. El viaje sigue. El viajero evoca su infancia y su tierra.
8. El tren corre junto a la casa de Rosalía de Castro.
9. El viajero evoca otros viajes; desea huír del tren y sueña que, efectivamente, lo hace.
10. Un padre —¿el viajero?— advierte a su hijo que las luces no son las de la ciudad de destino, pues antes el tren debe cruzar la “gándara de la noche”, lugar donde confiesa haber vivido antes de bajar hacia la ciudad del sur [...].

Cada un destes dez cantos, de rigorosa construción en hendecasílabos brancos, agás o derradeiro canto onde achamos polimetría (e na última versión, a incluída en *Las aguas abandonadas* (1999), a parte final do poema aparece prosificada), vén sendo, segundo Álvarez Cáccamo (1987: 117 e ss.) un capítulo dunha viaxe iniciática e mítica que nos narra o protagonista poemático, isto é, o viaxeiro épico-lírico que no tren atravesará a gándara. O itinerario que nos describe discorre, por un lado, polos ámbitos introspectivos da memoria persoal recuperando lugares e experiencias vitais do eu poemático, e, por outro, condúcenos a escenarios da memoria comunal, onde revisitamos pasaxes, paisaxes, feitos e tópicos da nosa historia cunha clara intención desmitificadora.

En 1991 publica *Visitantes*, ao día de hoxe, o libro máis redondo de Rodríguez Baixeras. En acertadas palabras de Xulio L. Valcárcel (2003: 4) e que fago miñas:

Visitantes non nace dunha experimentación gratuíta, dunha aventura por camiños novos, por frivolidades culturalistas ou habelencias formalistas. A necesidade é a súa imperiosa orixe, e iso non hai maneira de simulalo.

Ante a convulsión da vida e do ánimo que padece, o poeta refúxiase nun *de profundis* interiorizado, achegándose a experiencias escuras, ignotas e ó mesmo tempo lúcidas sobre a continxencia humana, sobre a extrema fragilidade do ser, a memoria e a perda, a intuición máis aló da intelixencia. Móvese nun terreo esvaradizo no que é difícil preservar o equilibrio da razón, gándara irta e áspera propicia á dor, á angustia ou á desesperación. Precisa manter a calma, asumir estoicamente o sufrimento que a perda dos seres e das cousas máis queridas lle produce.

Poemario de forte compoñente elexíaca —reparemos na dedicatoria “Na memoria da miña nai”. “Na memoria do meu irmao Rafael”— na que hai un ton confesional non sempre tan perceptible na obra baixeriana. A grandes trazos, na súa temática non se afasta da viaxe retrospectiva para topar cos fantasmas persoais e o tempo xa irrecuperable da infancia en Ribadeo e da mocidade segoviana, ademais da mirada ao país agora materializada na poetización de crenzas, tradicións e ritos populares. Polo que fai ás formas, *Visitantes* é sumamente heteroxéneo, xa que achamos poemas en prosa ou narrativos, un texto dialogado (Pais e Fillas, no poema “No alto da Groba”), varios sonetos (seis deles: “Sumido nos teus anos, na túa febre densa”, “Miro a cinza alá fóra e un rumor”, “No teu paso mergullo sen espanto”, “Non podo ver, mais sei que andas despido”, “Cada vez que te lembro me desvío” e “Cómo aplacar a luz que de ti mana” son os *Sonetos do irmán*, publicados independentemente, en Málaga, 1991), octavas reais, silvas ou liras, algo que amosa a habelencia e dominio da forma na que remansa a fonda ferida producida por tanta perda.

Nadador (1995) ofrécenos un ollada algo diferente; poemario reflexivo, cargado de dramatismo e serenidade, no que a través do mar simboliza a fugacidade inexora-

ble do tempo. Hai neste libro unha vivencia do poema como actividade física, celular, material. Nadar é a súa forma (simbólica) de escribir sobre a páxina do mar (Álvarez Cáccamo 1999: XXVII). Estructurado en tres movementos: “Avance”, onde contemplamos ao nadador no intento (imposible) de recuperar o paraíso perdido, encarnado no pasado; “Demora”, escenario que recrea a visión desolada do xa vivido, e “Doenza”, onde o desacougo e a radical soidade son notas dominantes, pero no cometido do nadador está a táboa de salvación: o amor e a esperanza.

Beira Norte (1997) podemos describilo —segundo a Pilar Pallarés (1997: 10)— como un itinerario sentimental na procura da mitoloxía privada do pasado familiar e da infancia e mocidade, pero tamén como unha viaxe arquetípica, xa máis dunha vez seguida polo lector de Xavier Rodríguez Baixeras. Organizado en catro movementos espazo-temporais: “Inverno arriba”, “Cidade do sul”, “Distancias” e “O corazón do inverno”, que xiran arredor do topónimo da Beira Norte, evocador dos escenarios da infancia nas terras da mariña luguesa. Pero como xa ben sendo unha constante na poesía do noso autor movémonos, unha e outra vez, arredor dos eixos simbólicos da casa e a(s) viaxe(s), o nómada e o sedentario, e así visitamos nos versos deste poemario outros moito lugares e peripecias de raíz autobiográfica do pasado do poeta, fundamentalmente nos dous movementos centrais do libro. A pluralidade de formas e a variedade de rexistros recrean con moita intención os contidos varios e heteroxéneos desta súa *Beira Norte*.

3

Considero que *Eclipse* (2001) é un poemario esteiro, en tanto que nel conflúen e agrándanse as distintas marcas temáticas que singularizan a poética de Rodríguez Baixeras como unha das máis ricas e suxestivas de entre as dos seus compañeiros xeracionais.

A eclipse defínena os dicionarios como a “ocultación transitoria, total ou parcial, dun astro, ou perda da súa luz prestada, por interposición doutro corpo celeste”; pois ben, a definición funcional do dicionario, imos ver que tamén nos serve para nos manexar nos terreos figurativos e na dinamicidade do reencontro coa vivencia caída e salvada polo espazo que crea a palabra que recupera o eco da vibración, a esperanza feita palabra. De aí que a luz que se fora coa perda do entramado vital sexa agora reactivada nas palabras que iluminan, nas palabras que proxectan a luz sobre o momento esplendoroso que quedara eclipsado.

Eclipse preséntasenos organizado en cinco seccións —“Para escarnio das augas”, “Ecos”, “Criaturas do soño”, “As pedras” e “11-8-99”— que nos seus correspondentes títulos dan claramente unhas orientacións, en clave simbólica, da materia e intencionalidade do canto.

No peche do seu poemario anterior, *Beira Norte*, figura un dos poemas grandes de Baixeras, refírome ao titulado “Dáme alento para seguir”, texto en prosa no que a voz poemática, rebelde, bronca e doída, prega forzas que ao eu-poético lle faltan. Lemos ao cabo do poema:

[...] ¿a que xente, a que familia lle serás entregada *pro indiviso*, quen puxo codicilos nas túas últimas vontades, a quen lle legas o teu lombo para a primeira decrúa de pervertido esquecemento, en nome de que rei-

no, ou de que amaño, mudas comigo de era e, declinando, nos afundimos nas brañas como entón, pero agora de todo, nos perdemos extintos antes de que nos sangren?

Pero ti dáme alento para seguir.

Pois, ben, esa voz no límite das súas forzas, con toda a rabia acumulada non se deixa vencer e nos poemas-fragmentos que baixo o título de “As augas abandonadas”, comezo de *Eclipse*, acha sosego e acompañamento, ou compañía na súa soidade, para compartir horas e vivencias nese ti feminino que enche de forza e sentido, todas as limitacións e carencias anteriores:

POR ti abandono o mar, as vellas algas e todo o que nadei a contraluz.

[...]

Pero tamén, polo de agora, é luz: a que verte, compacta, desa fiestra, e nos circunda, e nos devolve ao bosco do que agarda, onde o noso abrazo son as pólas que se entrelazan ata se consumir.

Coa compañía arelada agora todo será distinto, pero a cosmovisión non cambia e o poeta é consciente de que o seu deber é darlle voz ao que se vai perdendo, algo que podemos ver nos tres poemas que pechan esta primeira sección: “As tres albas”, “Elexía” (ao irmán, o pintor Rafael, morto) e “Leito sen voz”, precisamente na fin deste poema lemos:

[...] *As augas, un día, han de morrer de inanición ao pé dun muro de palabras.*

E vós, distentidos, apalpando tantas ocorrencias.

Sabedores de ritos e apócimas, sabedores de arroubos. Pero todo por destilar.

Nada quero. ¿Por que, de novo, a querencia?

O que se albisca para alá do Pombal non sei que tempo é. E, para alá, outro reino de meu, todo ermo.

Debo arrastrar este leito sen voz, corrente xorda e baleira.

Arrastralo, iso si, nas palabras que sigan levando a canle chea, aínda que só sexa de ecos, de vivencias que volven na palidez das palabras, elas flebes e tan fortes.

*Mal chega aquela voz por entre o incenso
remoto do que fun, ben pouco sinto
fumegar esa música, o extinto
corpo na névoa daquel mar inmenso.*

Así comeza o primeiro soneto de *Fentos no mar*. E velaí a presenza dos ecos, tan presentes en máis dun poemario de Xavier R. Baixeras, e de forma especial no libro *Visitantes*.

En *Eclipse* a segunda sección leva este título. E os “Ecos” aquí son os da infancia e o colexio, e sempre veñen asociados a persoas e lugares: as señoritas do campo e as trasnadas que os cativos lles facían: Caramiñal e a voz da nai que se

cruza, en catalán, con outras galegas e castelás; o ambiente de celebración familiar asociado cunha intensísima lectura da obra de Luís Pimentel:

*Deitado á beira deles, un rapaz,
na alta adolescencia, le nun libro
que o pai lle trouxo dunha terra envisa
onde viviron antes, que derrama
—a cara de fruición, os labios vibran—
na herba extinta a sombra do seu aire.*

Segovia e os seus recantos, os lugares do amor, agora perdidos, son ecos, recordos da cidade somerxida (*La ciudad sumergida*), Cerro de Lima, lugares de Centroamérica ou a castellonense cidade de Morella son outras das referencias de ecos que lle chegan e feren a sensibilidade do eu poemático, invadido pola melancolía do irrecuperable, esa ferida que non sangra pero que prende no interior da entraña mordida.

Na terceira sección, “Criaturas do soño”, de aire alucinado, con tendencia a un certo irracionalismo controlado, o poeta recupera persoas e vivencias que sentimos ben queridas: a nai sempre tan presente, a visita cun seu amigo ao castro de Briteiros, o desgarrado que lle produce o efecto devastador en “Parte de guerra”, ou o personaxe de Joana e a historia que nos chega en “Anacos de Francesca”. E chega e pecha o “Canto do espertar”, onde se nos amosa a dureza e o desgarrado que xera a vida de fronteira; isto é, volver aos lugares e ás persoas que foron tanto e agora xa só son recordo. Resumen moi axeitadamente esta vivencia —cremos— os catros versos que pechan o poema:

[...]

*Canto tempo sen luz. Sobre a cuberta
da nave que partiu para os meus ermos
caen niños escuros
como caricias que se van de min.*

A cuarta sección leva por título “As pedras” e podemos considerar os poemas que a compoñen como textos de clara intencionalidade épica que, en certa medida, podemos asociar co espírito e atmosfera d’*A gándara da noite*, textos nos que a dureza da vivencia, a volta ao mar de inverno, o desarraigo dos espazos ben amados, provocan a ferida daquilo que se afasta, a eterna despedida; o eu poemático séntese estranxeiro nos seus propios territorios e agora só pode reconstruír, coas pedras espaxadas da casa da memoria, un muro que poida deter tanta destrución, como sentenza na parte final do poema “As pedras”:

[...]

*Cando o vento, ruxindo, volte de novo, ¿como atopar o que o pai lle dicía,
como ler no delirio? Pero el debe procurar no escuro as pedras espaxadas e ir er-
guendo a murada —non contra o vento— contra todo iso.*

“11-8-99” é a data da eclipse que motiva o último poemario de Xavier R. Baixeras. O autor percibe que a vida se vai lentamente apagando e un mundo desaparece cando a persoa vai perdendo a vitalidade e deixa de responder aos estímulos

da vivencia. Por isto di adeus, un prolongado adeus; el que deixou “polas alcobas un rastro de cansazo” vai arrastrando a agonía ao ver que “nada queda na terra da algarabía”. Pero nada mellor que escoitar o que o propio autor nos di no último fragmento do libro:

Tamén quixera despedirme.

Se cheguei tarde ao recordo, perdoádeme.

*A todo cheguei con demora. E vós, vendendo,
axustando para poder partir.*

*Nada queda na terra da algarabía. Pasos regados polo
alcatrán, flores inmunes.*

*Se cadra foi preciso apagar toda esa zona de palabras.
A el corresponde un novo eclipse.*

Así remata a eclipse que agora dá paso ao planeta das palabras coas que Xavier R. Baixeras construíu un dos seus mellores edificios poéticos. E sígome preguntando ¿por que os textos do Baixeras teñen esa forza interior que os fai tan potentes? E a resposta atópoa en que o autor non os fabrica senón que os pare e porque entendo que responden ao proceder que o poeta brasileiro Carlos Drummond de Andrade aconsellaba: “Vive com teus poemas antes de os escrever”.

Referencias bibliográficas

I. *Obra poética de Xavier R. Baixeras*

- 1971 *La ciudad sumergida* (Salamanca: Col. Álamo).
- 1981 *Fentos no mar* (Sada: Eds. do Castro).
- 1985 *Lembranza do areal* (Vigo: Caixa Ourense).
- 1987 *Anos de viaxe (Poesía 1981-1987)* (Vigo: Xerais).
- 1991 *Visitantes* (A Coruña: Deputación).
- 1991 *Sonetos do irmán*.
- 1991 *La gándara de la noche* (Madrid: Libertarias/Prodhufi).
- 1995 *Nadador* (A Coruña: Espiral Maior).

- 1996 *Beira Norte* (Palma de Mallorca: Monograma).
- 1997 *Beira Norte* (Santiago: Soltelo Blanco. Edición ampliada e definitiva).
- 1999 *Las aguas abandonadas* (Gijón: Trea. Antoloxía bilingüe galego-castelán. Inclúe seis poemas inéditos).
- 2001 *Eclipse* (A Coruña: Espiral Maior).
- 2003 *Francesca* (Pontevedra: Deputación).

II. Bibliografía sobre a súa poesía.

Álvarez Cáccamo, X. M.^a

- 1981 “A recuperación do medo”, *Hoja del Lunes*, Vigo, 12-X-1981.
- 1987 “Guía para o viaxeiro da gándara”, en R. Baixeras, *Xavier Anos de viaxe (Poesía 1981-1987)*: 117-126 (Vigo: Xerais).
- 1992 “A natureza irada”, *Grial* 114: 280-284.
- 1999 “La poesía de Baixeras: el viaje a la casa del norte”, en Rodríguez Baixeras *Las aguas abandonadas*: XV-XXXI (Gijón: Trea).

Araguas, Vicente

- 1992 “Os libros da Deputación”, *El Correo Gallego, Revista das Letras*, 1-I-1992.

Bernárdez, Carlos L. *et alii*

- 2001 *Literatura galega século XX*: 323:325 (Vigo: A Nosa Terra).

Casares, Carlos

- 1982 “Fentos no mar”, *La Voz de Galicia*, 15-IV-1982.

Franco Grande, X. L.

- 1991 “Xavier Rodríguez Baixeras”, en *A ilusión da esperanza*: 229-233 (Vilaboá: Cumio).

Fonte, Ramiro

- 1991 “¿Quen nos visita agora? Unha aproximación a Xavier R. Baixeras”, *Diario 16 de Galicia, Galicia, Literaria*, 19-X-1991.

Forcadela, Manuel

- 1987 “Pois todo o que regresa de vós brota”, en R. Baixeras, Xavier: *Anos de viaxe (Poesía 1981-1987)*: 7-16 (Vigo: Xerais).
- 1991 “*Visitantes*, o último premio de Baixeras”, *Diario 16 de Galicia, Galicia Literaria*, 19-X-1991.
- 1992 “*Visitantes*: o último poemario de Baixeras”, *A Trabe de Ouro* 9: 121-123.

Gamoneda, Antonio

- 1999 “Preliminar”, en Rodríguez Baixeras, Xavier *Las aguas abandonadas*: (Gijón: Trea).

Mato Fondo, Miguel

A mazá e a cinza. A poesía galega após 1976: 80-82 (Vilaboa: Cumio).

Monteagudo Romero, Henrique

- 1984 “Rodríguez Baixeras, Xavier”, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXVII: 45.

Outeiriño, Manuel

- 1988 “Entrevista a Xavier Rodríguez Baixeras”, *Diario de Galicia*, Vigo, 1-VI-1988.

Pallarés, Pilar

- 1997 “Limiar”, en R. Baixeras, Xavier *Beira Norte*: 7-10 (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

Pena, Xosé Ramón, X. R. Baixeras e V. Vaqueiro

- 1983 “Poesía aquí e agora”, *Faro de Vigo, Artes e Letras*, 17-VI-1983.
- 1985 “Catro tempos para a poesía”, *Faro de Vigo, Artes e Letras*, 8-VI-1985.

Queizán, M.^a Xosé

- 1985 “Loa de *Lembranza do areal*, de Xavier R. Baixeras”, *La Voz de Galicia*, 6-VI-1985.

Raña Lama, Román

- 1986 *O grupo poético de Vigo*. Tese de Licenciatura, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela (Inédita).

Tarrío, Anxo

- 1994 *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica* (Vigo: Xerais).
2000 *Galicia. Literatura. T. XXXIII. O século XX. A literatura desde 1936 ata hoxe: poesía e teatro* (A Coruña: Hércules).

Vilanova, Manuel

- 1981 “Limiar”, en Rodríguez Baixeras, Xavier: *Fentos no mar* (Sada: Eds. do Castro).

Vilavedra, Dolores

- 1995 *Diccionario da literatura galega. I. Autores* (Vigo: Galaxia).
1999 *Historia da literatura galega* (Vigo: Galaxia).
2000 *Diccionario da literatura galega. III. Obras* (Vigo: Galaxia).

Valcárcel, Xulio

- 2003 “Visitantes”, *El Ideal Gallego*, Páxina Literaria, 16-II-2003.

VV. AA.

- 1996 *Historia da literatura galega*, V. 5. (Vigo: A Nosa Terra).